

RESOLUCIÓN DO 15 DE ABRIL DE 2025 DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO QUE MODIFICA A RESOLUCIÓN DO 07 DE MARZO DE 2025 POLA QUE SE CONVOCA UN CURSO DE INICIACIÓN AO MERGULLO PROFESIONAL NO INSTITUTO GALEGO DE FORMACIÓN EN ACUICULTURA (IGAFA) NA ILLA DE AROUSA

## Antecedentes

Unha vez rematado o prazo de matrícula do curso de iniciación o mergullo profesional observouse que o número de solicitudes presentadas non ían ser suficientes para cubrir as prazas convocadas para dito curso, debido a que máis dun 30% das persoas matriculadas non se presentan as probas físicas previas o curso e distas outro 30% non as superan.

Polo tanto, faise necesario convocar outro prazo de matrícula do curso de iniciación ao mergullo profesional, que será do 15 ao 23 de abril de 2025, co obxecto de que as prazas convocadas podan ser cubertas na súa totalidade.

Visto o exposto anteriormente, esta dirección xeral ao abeiro das súas competencias RESOLVE:

Convocar un novo prazo de matrícula para o curso de iniciación ao mergullo profesional do 15 ao 23 de abril de 2025.

A documentación a presentar é a seguinte:

- Solicitud PE621E. Esta solicitud descárgase na seguinte dirección de correo electrónico: <https://sede.xunta.gal/doc-invia/rest/anexos/23284081>
- Fotocopia do DNI ou NIE
- Fotocopia do documento que acredita ter superado o ensino obrigatorio

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a consellería do Mar, no prazo dun mes, desde a notificación da presente resolución, segundo se dispón nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,  
A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Marta Villaverde Acuña  
**asinada dixitalmente**

CONSELLERÍA DO MAR  
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños  
15781 Santiago de Compostela  
T. 981 546 176  
[cma.dxdesevolvemento@xunta.gal](mailto:cma.dxdesevolvemento@xunta.gal)